



ORDENAZA FISCAL NUMERO 42

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RESTACION DE SERVIZOS CUSTURAIS ESPECIAIS.

ARTIGO 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por servizos culturais especiais de espectáculos e actividades culturais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 58 da Lei 39/1988.

ARTIGO 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servizos culturais, de competencia municipal, a instancia de parte:

- A asistencia a espectáculos nos Centros Socio-Culturais e Deportivos .
- A participación en obradoiros culturais
- Calquera outras actividades culturais especiais que esixan unha prestación de servizos culturais e para as que non se estipule a gratuidade

Para estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os anteditos servizos cando estes fosen demandados pola poboación ou redunden no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa.

ARTIGO 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

- Participantes nos servizos e provocadores e beneficiarios/as dos mesmos aínda que non os soliciten expresamente.
- Titulares ou organizadores, no seu caso, dos espectáculos e actividades que motiven ou obriguen a este Concello a presta-los servizos especiais sinalados no artigo anterior.

ARTIGO 4. Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os/as administradores/as das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase en función da actividade que se ofrece.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

a. Asistencia a espectáculos (teatro, cine, danza,música, etc..) nos Centros Socio-Culturais e Deportivos.

a.1. Entrada de adultos 5,71 €

a.2. Entrada infantil 1,23 €

a.3. Bonos (paquete de espectáculos) Desconto do 20%

No caso das entradas para os adultos que posúan carné xuvenil ou da 3ª idade haberá unha bonificación do 40 %.

b. Participación en obradoiros culturais 5,71 € /sesión.



Na aplicación da tarifa anterior observaranse as seguintes regras:

1. As cotas poderán incrementarse cando os servizos prestados non estean subvencionados ou conveniados con outras administracións.
2. O tempo de prestación efectivas dos servizos computarase tomando como momento inicial o de comenzo da actividade.

ARTIGO 6. Exencións.

Están exentos do pagamento da taxa aqueles participantes en actividades ou espectáculos que se programen ben cunha función educativa ou complementaria da formación, como unha exhibición dos logros acadados nunha actividade formativa ou ben coma presentación, difusión e promoción dos valores culturais, xa sexan organizados polo propio Concello ou por entidades colaboradoras.

ARTIGO 7. Devengo.

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se comenza a prestación do servizo.

ARTIGO 8. Declaración e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos que se proponían asistir a espectáculos públicos ou as actividades que motiven a prestación dos servizos regulamentados nesta ordenanza, deberán aboa-la entrada ou ingresa-la cota que corresponda nos prazos estipulados en cada caso.
2. Unha vez prestado o servizo, polo responsable da dependencia correspondente darase conta do cumprimento, duración e contido do mesmo, practicándose, no seu caso, a liquidación que corresponda.

Nun prazo de 15 días dende a prestación do servizo remitirase ós servizos económicos municipais o importe resultante da devandita prestación, xunto coa conta xustificativa correspondente (cotas, entradas, etc..)

3. A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

ARTIGO 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As tarifas anteriores incrementaranse anualmente no IPC.

DISPOSICION DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.